


Considerao vexatorio para os galegos e galegas

A Asociación de Escritores en Lingua Galega rexeita a reedición do libro *Superchistes gallegos*

(18-Maio-2008)



A Asociación de Escritores en Lingua Galega rexeita a reedición do libro *Superchistes gallegos* mediante o seguinte comunicado:

"En relación coa reedición do libro *Superchistes Gallegos* do autor arxentino Ricardo Parrotta, baixo o pseudónimo Pepe Muleiro, publicada pola Editorial Sudamericana, a Asociación de Escritores en Lingua Galega fai as seguintes consideracións:

AELG lamenta profundamente a publicación do libro por parte dunha editora de prestixio contrastado como é a Editorial Sudamericana, por permitir acoller no seu catálogo, xunto a obras dun enorme prestixio intelectual, unha publicación vexatoria para os galegos e galegas.

AELG denuncia que, dunha forma supostamente irónica, se atenta discriminatoria e gratuitamente contra a identidade moral e cultural dun dos países máis vellos de Europa.

AELG demanda, no marco das estreitas e fraternais relacións culturais e sociais entre Galiza e Arxentina, froito de vínculos inesquecibéis de fonda raíz, a intervención dos organismos competentes na procura dunha rectificación pública por parte da editora responsable.

AELG amosa a súa solidariedade a toda a colectividade galega da Arxentina, colectividade que foi quen de contribuir ao longo dos tempos ao engrandecemento do país arxentino, á vez que esixe o respecto e dignidade dun pobo, o galego, cunha cultura altamente recoñecida, diversa e rica."